

TFE COMPOSICIÓN

CONCERTO

AUDITORIO ANDRÉS GAOS

Martes, 26 de maio de 2026 - 21:00

Alalá de Monterrei

para Cuarteto de Cordas e Electrónica (2026)

Xairo Campos Blanco


Cuarteto

Violín I: Regina Laza

Violín II: Mihai Tanasescu

Viola: Luigi Mazzucato

Violonchelo: Raúl Mirás



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA

- Notas ao programa -

O Alalá de Monterrei constitúe a primeira metade do Díptico de Monterrei, unha elexía sonora inspirada na devastación dos lumes forestais en Galicia. Se a segunda metade (Muiñeira de Monterrei) explora a contundencia da terra, a danza e a posterior catarse humana, este Alalá encarna a perspectiva inmaterial, errática e etérea do vento: o invisible condutor da traxedia.

A obra propón un estado de trazo intimista, mergullando ao oínte no «continuo» do bosque, ese espazo de aparente quietude onde a vida latexa a un ritmo ancestral e inalterable. A semente da composición é o tema tradicional do alalá de Monterrei, un canto de ritmo libre que se presenta inicialmente de forma pura e prácida. Porén, esta harmonía natural vese ameazada e, pouco a pouco, desfigurada. A través da microtonalidade —que simboliza o ar quentándose e a inestabilidade térmica do ecosistema—, os ruídos orgánicos fretados na corda e a manipulación electrónica en tempo real, a música anticipa que o equilibrio vai romper.

Nesta viaxe, o espazo xoga un papel narrativo fundamental. O público atópase rodeado por un sistema de iluminación e catro altosfalantes nun sistema de cuadrafonía inmersiva que elimina a fronteira entre o escenario e a butaca: o espectador non observa o bosque dende fóra, senón que está fisicamente dentro del. A través deste espazo tridimensional, a música traza o colapso. O oínte transita dende a paz inicial, pasando pola fricción violenta e hiperrealista dos mistos, ata verse atrapado no medio do caos durante a ignición. O cuarteto de corda e a electrónica retroalimentada xeran un clímax abafador e opresivo; un incendio acústico onde as lapas, a saturación e o ruxido do lume o enchen todo, desorientando e rodeando por completo á audiencia.

Finalmente, cando a enerxía destrutiva se esgota, a obra conclúe nun esmorecemento desolador. Onde antes había música e vida, só queda o rastro inorgánico das cinzas, o pranto distante do cuarteto, e un final marcado polo son da choiva e o retorno a un silencio que xa nunca volverá ser o mesmo.

